

Código do documento	Código do expediente
USG16100W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E CATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e catro minutos do día vinte e catro de febreiro de dous mil vinte e dous, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asisten á sesión os seguintes concelleiros/as:

- D^a María Guadalupe Pombo Carril, do grupo político do PSdeG-PSOE
- D. Gonzalo Méndez Mosquera, do grupo político do BNG
- D^a. Izaskun García Gorostizu, do grupo político popular
- D. Alfonso Rico Vereá, do grupo político popular

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión.

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

O Sr. alcalde-presidente di que, antes de comezar cos puntos da orde do día, quere informar do verquido de gasóleo que se produciu no día de onte no río Mero, antes da planta potabilizadora, e di que de momento está sen determinar quen foi quen fixo o verquido, o punto específico onde se produciu e as consecuencias, obrigando a ter que abrir as comportas da presa de Cecebre para tratar de aliviar todo ese gasoil e parar a planta potabilizadora de auga da Telva, advertíndose no día de hoxe un certo olor a gasoil na auga que, aínda que non é agradable, parece que por tema de salubridade non existe perigo; di que desde primeira hora da mañá, e xa durante todo o día de onte, o equipo de goberno está en contacto co Concello da Coruña para estar informados e agora estase á espera de que sexa remitido informe para saber o que van facer respecto desta situación.

O Sr. Chouciño Garrido intervéñe e di que el deduce que foi da Telva para arriba.

Responde o sr. alcalde-presidente e di que si, que foi cara á presa e que ese foi o motivo de que tiveran que parar a planta pois do contrario estaría bombeando a auga cara a todos os depósitos.

De seguido pásase ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA EN DATA 27.01.2022.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP Nº 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión de data 27 de xaneiro de 2022, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión de data 27 de xaneiro de 2022, sendo aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión de data 27 de xaneiro de 2022.

2.- PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PLAN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES) DO CONCELLO DE CULLEREDO (DOCUMENTO UGT14E009G).

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado de Medioambiente, Obras e Servizos de data 8 de febreiro de 2022 (código de documento UGT16I0010), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Medio Ambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil, na sesión de data 17 de febreiro de 2022, que transcrita literalmente di:

“O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada en data vinte e nove de outubro de dous mil vinte adoptou o acordo de aprobación do Plan para o clima e a enerxía sustentable (PACES) do Concello de Culleredo (documento UGT14E009G).

Con data 4 de xaneiro de 2022, polo Centro de Asistencia a Concellos (CAC) do Pacto das Alcaldías da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, comunicouse a detección de erros no documento remitido, solicitando a súa corrección:

- Corrixir o factor de emisión na plataforma EU Mayors (modificar electricidade nacional 0,390 a 0,254)

- Corrixir os datos do Inventario de Emisións (IER) no documento do Plan de Acción aprobado

- Sinalar as medidas estrela de adaptación.

Pola empresa adxudicataria da asistencia técnica para a redación do PACES emitíuse informe ao respecto no que se indican as modificacións que hai que realizar no documento PACES:

“1) Modificar, na páxina 20 do documento, o parágrafo segundo do apartado 3.2.1.

RESUMEN DEL INVENTARIO DE EMISIONES DE REFERENCIA, que anteriormente era:

*El resultado de emisiones de gases de efecto resultantes, una vez incorporados al inventario los sectores no dependientes de la energía (tratamiento de aguas residuales y RSU) fue de **91.936** teqCO₂/año, lo que equivale a unas emisiones por hab de **3,20** teqCO₂/hab año.*

E pasa a ser:

*El resultado de emisiones de gases de efecto resultantes, una vez incorporados al inventario los sectores no dependientes de la energía (tratamiento de aguas residuales y RSU) fue de **84.687** TeqCO₂/año, lo que equivale a unas emisiones por habitante de **2,94** teqCO₂/hab año.*

2) Na mesma páxina 20, modificar a Tabla 1: Inventario de consumos y emisiones por sectores 2010, que era:

C.I.F. P-1503100-H

Sector	Consumo energía		Emisiones	
	Mwh	%	tCO ₂ /teqCo ₂	%
Municipal	9.151	3%	33	0%
Residencial	110.909	38%	4633	27%
Transporte	170.273	59%	11.096	65%
Tratamiento RSU	-	-	1213	7%
Tratamiento aguas residuales	-	-	225	1%

E pasa a ser:

Sector	Consumo energía		Emisiones	
	Mwh	%	tCO ₂ /teqCo ₂	%
Municipal	9.151	3%	2280	3%
Residencial	110.909	38%	23418	28%
Transporte	170.273	59%	48709	58%
Tratamiento RSU	-	-	9733	11%
Tratamiento aguas residuales	-	-	547	1%
TOTAL	290333	100%	84687	100%

3) Na páxina 21, a Tabla 2: inventario de consumos y emisiones por fuente de energía, que era:

Fuente de energía	Consumo energía		Emisiones	
	Mwh	%	tCO2/teqCo2	%
Electricidad no renovable	53.300	19%	20.787	25%
Gas natural	28.246	10%	5.706	7%
Gas licuado	9.923	4%	2.322	3%
Gasóleo C	13.633	5%	3.899	5%
Gasóleo A	133.702	48%	40.779	50%
Gasolina	27.055	10%	7.927	10%
Carbón	662	0%	236	0%
Biocombustible	9.506	3%	0	0%
Otras biomásas	295	0%	0	0%
Solar	143	0%	0	0%

E pasa a ser:

C.I.F. P-1503100-H

Fuente de energía	Consumo energía		Emisiones	
	Mwh	%	tCO2/teqCo2	%
Electricidad no renovable	53.300	18%	13.358	18%
Gas natural	28.246	10%	5.706	8%
Gas licuado	9.923	3%	2.322	3%
Gasóleo C	13.633	5%	3.899	5%
Gasóleo A	133.702	46%	40.779	55%
Gasolina	27.055	9%	7.927	11%
Carbón	662	0%	236	0%
Biocombustible	23.375	8%	0	0%
Otras biomásas	295	0%	0	0%
Solar	143	0%	0	0%
TOTAL	290.333	100%	74.227	100%

Polo exposto, PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:

Primeiro.- Aprobar as modificacións propostas polo Centro de Asistencia a Concellos (CAC) do Pacto das Alcaldías da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia no documento do PACES, que se citan nesta proposta.

Segundo.- Autorizar ao Concelleiro de medio ambiente, obras e servizos para todas as tramitacións relativas ao Plan de acción para o clima e a enerxía sustentables, dando conta a este Pleno no que así proceda.“

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a voceira do grupo político do PsdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, fai unha exposición da proposta presentada e solicita o voto favorable dos membros da Corporación para a súa aprobación

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

A continuación solicita o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo quere facer unhas anotacións pois desta vez tiveron algo máis de tempo para revisar o documento que se presenta e di que se elaborou un documento que recolle o plan de acción para o clima e a enerxía sustentable para dar cumprimento ao pacto ao que se adheriu Culleredo; di que para a redacción dese plan de acción contratouse a unha empresa e se solicitou unha subvención á Xunta nunha convocatoria non competitiva na que había que cumprir unha serie de requisitos e atopáronse coa sorpresa de que hai un requirimento da Xunta dicindo que non se está a acreditar que se cumpriran as condicións para obter a subvención e en particular porque non están acreditando que se tiveran cumprido as condicións legais na contratación da empresa que redactou o dito plan; di que hai un informe da secretaria que di que non o pode certificar porque efectivamente non se cumpriron esas normas; di que o seu grupo recorda continuamente que hai reparos da Intervención municipal que dan lugar a que por exemplo no 2020 houbera 238 reparos suspensivos sobre cuestións como esta e similares que levan a que se gasten 8 millóns de 12 de forma irregular e este é un exemplo de como isto pode afectar porque saltarse a lei de contratación, ademáis de non ser de recibo, ten as súas consecuencias; di que ademáis desta cuestión os membros do seu grupo queren comentar que o informe non está en galego, non sabendo por que cada vez máis cuestións que se elaboran no Concello de Culleredo non están en galego pois todos saben do compromiso de uso da lingua galega ao que obriga a Lei de normalización lingüística e, polo mesmo, debería terse en conta cara ao futuro; di que a maiores, na páxina 41, hai un parágrafo que di o seguinte:

“.../.../ ACCIONES EN EL SECTOR TRANSPORTE

(.../.../

Complementaria a estas acciones se recoge el plan de estacionamientos disuasorios del área urbana de A Coruña, que prevé cuatro aparcamientos (Estación de Servicio O Burgo, Aeropuerto, O Burgo y Apeadero de Renfe) dentro del término municipal, para fomentar tanto compartir coche como la intermodalidad vehículo privado-transporte público.”

Di que fai énfase neste parágrafo porque fala do aparcadoiro disuasorio do aeroporto, e di que non o especifica pero que se sobreentende que se está a falar do aparcadoiro “abandado” na zona norte do aeroporto; di que como estes días tamén está en exposición pública o PMUS, o Plan de mobilidade urbana sustentable, os membros do seu grupo consultaron dito plan para comparar e viron que no plan de mobilidade urbana sustentable non se fala nada disto e que non lles tranquiliza para nada como está redactado o PMUS porque se nun documento elaborado para o Concello se cita e noutro non vese que non hai coordinación na elaboración destas materias; di que, a maiores, no punto 3.1.2., relativo a recursos humanos e financeiros, hai un parágrafo que di que “Para la coordinación de la implementación de la estrategia contenida en el Plan de Acción se contará con la dedicación parcial de los recursos humanos municipales, compatible con las funciones cotidianas que actualmente desempeñan en el ayuntamiento. Para el diseño, desarrollo y seguimiento del plan de acción estima que será necesaria la colaboración puntual de asesoramiento técnico externo, que complemente las capacidades de la administración municipal.

El ayuntamiento de Culleredo compromete, de aquí a 2030, un mínimo de 5.663.475 euros propios para el desarrollo del PACES en el periodo 2021-2030 (.../.../”; di que eses 5.600.000 euros os comprometería o Concello de Culleredo dun total dunha previsión de investimento de 37 millóns de euros; que o cadro, onde se van sumando liñas que chegan a esa suma de 37 millóns de euros, dos que 5 serían achegas municipais, ventilase en dúas carillas e que nunca viu nada igual pois se se suma, sen saber de onde procede cada liña nin con que datos se elabora, chégase a 37 millóns de euros nas dúas carillas das que falou, e que non tranquiliza para nada aos membros do grupo político do BNG que se ventile a elaboración do investimento preciso para darlle cumprimento ao dito plan en dúas carillas.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que, por último, quere falar doutra cuestión pois hai unha referencia a que “coa finalidade de traducir ditos compromisos en feitos o Concello adquiriu as seguintes obrigas (.../.../ levar a cabo un inventario de emisións, presentar un plan de acción e elaborar un informe de situación polo

5 de 43

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

menos cada dous anos a partir da presentación do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable co fin de avaliación, seguemento e control” e di que o plan é de outubro de 2020 polo que, se hai que facer este informe cada dous anos, sería bo que na sesión, na que se propón a modificación dun dos puntos, se dixera que se leva feito pois estase a seis meses deses dous anos e dado que se di que contará con recursos humanos municipais e asesoramento externo, pregunta se os técnicos se puxeron con algo disto e se hai algo avanzado neste sentido, engadindo que por todas estas accións das que vén de falar, os membros do seu grupo político absteranse na votación.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde e di que o que comenta o Sr. Chouciño Garrido, aínda que pertenza ao Pacto de Alcaldes polo Clima, ten pouco que ver coa proposta que se trae nesta sesión que é unha modificación puntual dalgunhas das cuestións eminentemente técnicas que detecta o Centro de Asistencia a Concellos que ten a Xunta de Galicia; di que a asistencia técnica o que está a facer é, nesos dous folios dos que vén de falar o Sr. Chouciño Garrido (comentando que algún máis será) é no que vai basar o seu proxecto para, de cara ao 2030, poder conquistar a redución de emisións no Concello de Culleredo e que deses cinco millóns xa se están a facer investimentos e achegas de investimentos para, por exemplo, poder reducir as emisións de CO₂ en diferentes núcleos urbanos como poden ser obras de redución de velocidade ou de pacificación do tráfico, sendo a asistencia técnica a que está a desenvolver como se vai facer este investimento; di que non estar neste pacto significa ter moi poucas posibilidades de que esos 37 millóns que se necesitan, cunha achega directa do Concello de Culleredo de cinco millóns como máximo, non se puidera optar a diferentes achegas que puidera haber da Comunidade Económica Europea; que non se pode profundizar no que é o desenvolvemento do proxecto porque de momento está en fase de elaboración, fase esta na que están todos os concellos.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido solicita de novo o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo político do BNG quen, unha vez concedido, di que o Sr. alcalde-presidente non di nada respecto da perda da subvención e sobre o requirimento da Xunta de Galicia di que é unha pequena corrección como se non tivera nada que ver cando o certo é que si ten que ver pois no expediente constan cousas que non constaban cando este tema veu ao pleno no 2020 e o documento da Xunta de Galicia di que “(../...) En resposta aporta un certificado, asinado pola secretaria xeral do Concello, no que se transcribe a resolución da alcaldía en virtude da que se aprobou a conta xustificativa pero, na mesma, non se acredita que se respectaran os procedementos de contratación pública. Así, e toda vez que non aporta toda a documentación de xustificación requirida nin certifica o cumprimento dos requisitos esixidos á hora de contratar por parte do Concello, a axuda non pode ser abonada (../...), engadindo que o que vén de ler consta nun requirimento da Xunta de Galicia sobre a subvención que se solicitaba de 11.000 euros e no que se propón “(../... Iniciar o expediente de perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao CONCELLO DE CULLEREDO por importe de 11.000 euros (../...)”; di que, a maiores diso, os motivos polos que nestes casos tanto a secretaria municipal como a interventora informan desfavorablemente recordando que a contratación de asistencias técnicas e os contratos menores quedan reservados para situacións de emerxencia sen que se poidan utilizar para situacións previsibles e/ou recurrentes; que está ben recordar isto porque respecto dos recursos humanos e financeiros di que “(../...) Para el diseño, desarrollo y seguimiento del plan de acción estima que será necesaria la colaboración puntual de asesoramiento técnico externo (../...)” e di que isto é unha previsión e que o equipo de goberno tiña que ter moi claro que se se ten previsto facer unha asistencia técnica está prevista e non se pode acudir ao contrato menor como fan habitualmente; que non entende como o equipo de goberno se pode convencer da necesidade de investimento de 37 millóns de euros cunha simple táboa de dúas carañas nas que, por exemplo, hai liñas que din “edificios municipais 10.138.000 euros”, sen máis xustificación para concluír que fan falta 10.138.000 euros, ou “edificios residenciais” que precisan dun investimento según dita táboa de sobre 17 millóns de euros, en transporte sobre 5 millóns de euros, todo ventilado nunha liña sen que sexan números redondos pois se o foran poderíase pensar que se trataba de estimación; di que tampouco estaría xustificado nese caso pero que non é así porque por exemplo en transporte a cantidade exacta é de 5.967.013 euros polo que supón que isto terá unha fonte de procedencia e indica que sería oportuno reclamarlle a quen fixo o informe que abundara na información e nas fontes nas que se baseou para chegar ás conclusións ás que chegou porque os documentos que se presentan para

6 de 43

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

debater o punto na sesión son para poder tomar decisións e se non hai información suficiente poderíanse tomar decisións que non foran as axeitadas.

Remata a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido dicindo que, por todo o exposto, o grupo político do BNG vaise abster neste punto da orde do día.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e, dirixíndose ao Sr. Chouciño Garrido, di que lle achegará o documento completo porque el só se refire á documentación obrante no expediente no que figura a proposta que se presenta neste punto da orde do día e que de forma sesgada está moi ben.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado de Medioambiente, Obras e Servizos de data 8 de febreiro de 2022 (código de documento UGT16I001O), obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), dos/as Sres/as: Rioboo Castro, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6), dos/as Sres/as: Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado de Medioambiente, Obras e Servizos de data 8 de febreiro de 2022 (código de documento UGT16I001O) polo que devén en acordo nos termos transcritos.

C.I.F. P-1503100-H

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG RELATIVA A INCOACIÓN DE EXPEDIENTE INFORMATIVO PARA ESCLARECER AS CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINARON A DEMORA DO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO AO FUNCIONARIO PÚBLICO RESOLTO EN RESOLUCIÓN 2277/2021.

A Presidencia indica que o grupo político do BNG presentou unha moción, de data 18 de febreiro de 2022, relativa ao asunto epigrafiado, que, anonimizada, di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, Voceiro do Grupo Municipal do BNG achega, para o seu debate plenario e aprobación, se proceder, a seguinte moción para INCOAR EXPEDIENTE INFORMATIVO PARA ESCLARECER AS CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINARON A DEMORA DO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO AO FUNCIONARIO PÚBLICO resolto en resolución 2277/2021

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa no anterior Pleno fixemos un rogo para que se iniciara un expediente informativo sobre a dilación na tramitación do expediente disciplinario resolto na resolución 2277/2021 do que se deu conta no punto 6 da orde do día do Pleno Ordinario de Xaneiro 2022.

Axunto á dación de conta, na documentación dese punto había unha nota informativa da Secretaria que indicaba entre outros:

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

1. Segundo consta no expediente UPO/2018/19 , o expediente disciplinario iniciouse por Resolución de data 26 de febreiro de 2018 e o funcionario D. se xubilou con efectos do 16 de marzo de 2020.

2. na que se propón a suspensión firme de funcións resulta de imposible execución ao non ter na actualidade (nin na data na que se formulou a proposta de resolución) a condición de funcionario deste Concello o sr.....

3. a resultados do exame do expediente (UPO/2018/19) constátase 4. que dende o 27 de xullo de 2018-data na que o interesado formulou alegacións ao prego de cargos- ata o 22 de novembro de 2021- data na que se formulou polo instructor a proposta de resolución- non consta que se realizara actuación de instrucción algunha (agás o que parece un borrador(código de documento UIT12I00LA) creado o 6 de agosto de 2018)

5. Conclúe a Secretaria cunha indicación sobre o que procedería por tanto:

a. Polo tanto, en aras a transparencia que debe presidir a actuación das Admnsitracións Públicas procedería que se esclarezan as circunstancias que determinaron a demora que se advirte na tramitación deste expediente e as razóns que impediron o seu impulso e resolución antes de que se producira a perda da condición de funcionario público por xubilación do expedientado.

É ilustrativo tamén ao respecto deste expediente disciplinario, o feito de que partiu da denuncia por un particular do funcionario ao que se lle abriu o expediente. Este denunciante, solicitou certificación de resolución expresa do sentido do silencio administrativo respecto da súa solicitude de 30 de xullo de 2021, seica por ter pedido acceso ao expediente e non terlle respostado sobre ese dereito ao acceso á información.

Ademais, compre facer referencia como xa indicamos desde o BNG no rogo do pasado pleno de Xaneiro, que a resolución 2277/2021 relata os feitos que darían lugar ao expediente disciplinario e que derivan dun expediente informativo previo, os seguintes, ordenados con viñetas en forma de punto e non de números:

•Presunta realización de actividades privadas na empresa, que podería ser constitutivo dunha falta moi grave tipificada no artigo 185.1 n) da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia, ou ben dunha falta grave en caso de que o incumprimento non supoña mantemento da situación de incompatibilidade, tipificada no artigo 186.1 k) da citada Lei.

•Presunta utilización de recursos oficiais para actividades privadas, podendo constituír unha falta grave tipificada no artigo 186.1 o) da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

•Presunta realización dentro da xornada laboral, de forma reiterada ou con ánimo de lucro, de actividades de carácter persoal ou profesional, conduta tipificada como falta grave no artigo 186.1 v) da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

•Presunto incumprimento da xornada laboral, podendo incorrer en falta grave tipificada no artigo 186.1 l) da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

E nun parágrafo posterior afirma:

Con data 22/11/2021 polo instructor do procedemento achégase proposta de resolución á Concelleira de seguridade cidadá e persoal (código documento UEH15I00FG) na cal se propón:

"En virtud de lo expuesto se emite la PROPUESTA DE RESOLUCIÓN del expediente seguido, contra quien en el momento de inicio de la instrucción del expediente era empleado municipal don, con D.N.I., y de conformidad con lo establecido en losl artículos 189 y 190 de la Ley 2/2015 del empleo público de Galicia, a los

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

hechos relatados en el punto Cuarto, procede imponer la sanción de suspensión firme de funciones por un período de quince días.”

Inducindo a pensar que ese punto cuarto sería o que ocupa o cuarto lugar na relación clasificada que indicamos antes (*Presunto incumprimento da xornada laboral, podendo incorrer en falta grave tipificada no artigo 186.1 l) da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia.)

Cando non é así. Desde o BNG pedíramos acceso ao expediente xa hai un tempo e podemos ver que no documento Prego de Cargos, (UPO/2018/19 || UIT12I00I0) a ordenación dos puntos referidos nos feitos levan esta numeración:

1º.- Respecto al cargo de incumplimiento de la jornada de trabajo

Por tanto, no puede considerarse probada la falta puesto que no existiendo prueba de fecha y hora no se puede confirmar con el servicio de personal el posible incumplimiento horario. En todo caso, en la única prueba en la que sí aparece acreditada una fecha (folios 116 y siguientes), la fecha en la que aparecen firmados los documentos confirmaría la prescripción de la falta.

2º.- Respecto al cargo de utilización indebida del vehículo municipal

Por tanto, al tratarse de una falta leve ocurrida hace más de seis meses, la falta está prescrita.

3º.- Respecto al cargo de incumplimiento de las normas en materia de incompatibilidades por el ejercicio de la actividad del inculpado como director de obra, director de ejecución y coordinador de seguridad y salud

Por tanto, a pesar de considerarse probada documentalmente la falta, ésta ha de declararse prescrita por haber transcurrido más de dos años desde el cese de la comisión de la misma.

4º.- Respecto al cargo de incumplimiento de las normas en materia de incompatibilidades por la actividad del inculpado como administrador mancomunado de la sociedad promotora, este hecho podría ser constitutivo de una falta grave regulada en el artículo 186.1.k) “El incumplimiento de las normas en materia de incompatibilidades cuando no suponga el mantenimiento de una situación de incompatibilidad”

Teniendo en cuenta

•la Información Mercantil interactiva de los Registros Mercantiles de España expedida el 28 de septiembre de 2017 en el que consta el inculpado como administrador mancomunado con nombramiento de duración indefinida de la sociedad,

•así como a las diligencias de declaración prestadas ante esta Instrucción el día 7 de mayo de 2018 por el inculpado.

Se concluye que don ha realizado, y continuaba realizando en la fecha de obtención de la mencionada información mercantil, una actividad como administrador de una sociedad sin haber solicitado la compatibilidad, incumpliendo por tanto las normas en materia de incompatibilidades.

Por tanto, esta falta se considera probada documentalmente y no prescrita y podría llevar aparejada una sanción de las previstas en el artículo 189 de la Ley 2/2015, del empleo público de Galicia.

Esta é a falta pola que procedía, desde o 13/7/2018 en que se asina o prego de cargos, a aplicación da sanción correspondente e non un incumprimento da xornada laboral como fai crer a resolución da Concelleira de Persoal.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

É por todo o anteriormente exposto que propoñemos ao pleno da corporación, no exercicio das súas competencias, a seguinte proposta de ACORDO:

1. Que se incoe expediente Informativo para esclarecer as circunstancias que determinaron a demora do expediente disciplinario ao funcionario público resolto en resolución 2277/2021 para garantir a transparencia da xestión do Concello de Culleredo e a confianza da cidadanía na intución.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo xa na sesión plenaria do pasado mes de xaneiro fixeron un rogo indicando que era necesario esclarecer a cuestión referida na moción que se presenta neste punto, sen que ao día da data lles conste que se fixera nada, e di que cre que é importante que se restaure a confianza na administración municipal e a continuación procede coa lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, pregunta se o señor referido na moción exercía como administrador mercantil ou como administrador con funcións de dirección e xerencia da sociedade, é dicir, se o administrador da sociedade, que é mancomunado, exercía funcións de dirección e xerencia dentro da sociedade ou simplemente era un administrador mercantil que convocaba xuntas e polo tanto sen vinculación coa empresa porque á hora de votar o feito de abriulle un expediente de instrución lle gustaría saber se realmente habería incompatibilidade polo feito de exercer ditas actividades ou se non habería.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que o seu grupo político vai votar en contra e que o vai facer por dous motivos claros como son, o primeiro, que na exposición de motivos, ao igual que ocorreu noutras ocasións, a moción falta á verdade ou mente; di que cre que non é deliberado senón que se trata de falta de información e falta de lers os expedientes, e o segundo motivo é porque, tal como lle dixo xa noutro pleno, por parte da concellería da que ela é concelleira delegada solicitouse un informe ao instrutor do expediente e este o fixo, aínda que nalgunha ocasión se dixo que non existía e si existe, quedando perfectamente solventados a xuízo dos membros do equipo de goberno polas aclaracións feitas no dito informe os motivos do tempo de duración do expediente; di que o goberno municipal entende que a día de hoxe o traballador referido na moción está xubilado e non corresponde o que se solicita na moción, tal como expresou a secretaria municipal no seu informe.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, dirixíndose ao Sr. Prieto García, do grupo político popular, dille que na súa intervención preguntou se o funcionario referido na moción era administrador ou administrador mancomunado, e que el se remite ao prego de cargos porque o BNG non é o que establece as consecuencias das accións nin o que determina a averiguación xa que para iso está a instrución do expediente; di que pensa que a exposición foi un pouco longa e polo tanto podería ser algo tediosa pero o que se pretendeu foi dar toda a información, información que estivo á disposición tanto do Sr. Prieto García como dos membros do equipo de goberno porque no mes anterior deuse como dación de conta, constando un parágrafo no que se pode ler “(.../...) la Información Mercantil Interactiva de los Registros Mercantiles de España expedida el 28 de septiembre de 2017 en el que consta el inculcado como administrador mancomunado con nombramiento de duración indefinida de la sociedad ... (.../...)”; di que aos membros do seu grupo non lles corresponde, porque nin son técnicos na materia nin, aínda que o foran, están na sesión como técnicos na materia, determinar as consecuencias das accións descritas na moción pero si que houbo quen as determinou e o instrutor do procedemento determinou que “(.../.../ se concluye que don ha realizado y continuaba realizando en la fecha de obtención de la mencionada información mercantil, una actividad como administrador de una sociedad sin haber solicitado la compatibilidad, incumpliendo por tanto las normas en materia de incompatibilidades. (.../...)”; di que o que vén de ler o di o instrutor no seu informe e que na sesión non corresponde discutir se o instrutor se equivoca ou non quedando ben claro no parágrafo que leu; di que se isto do que vén de falar se mete na vía xudicial pode haber

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

unha sentenza da primeira instancia, outra da audiencia que se recurra, outra do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, outra do Constitucional e outra distinta do Europeo, e que non corresponde determinar isto no pleno pero si dicir que había un expediente que concluíu con estas cuestións e que conclúe que por tanto esta falta se considera probada documentalmente e non prescrita polo que podería levar aparelhada unha sanción das previstas no artigo 189 da Lei de emprego de Galicia.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e, dirixíndose á Señora Marta Figueroa, dille que ela dixo que o seu grupo vai votar en contra e que o BNG non podería esperar outra cousa cando o certo é que desde o BNG xa dixeran moitas veces que os seus membros son xente que confía nas persoas e que teñen esperanza, e que si esperaban que o equipo de goberno votara a favor e di que o goberno municipal non perde unha oportunidade para perder unha oportunidade, para demostrar que, efectivamente, esclarecer as cuestións máis turbias que hai no Concello de Culleredo, non é que non lles importe esclarecelas senón que o que lles importa é ocultalas; di que a Sra. Figueroa insiste en dicir que o voceiro do BNG que está a falar minte e lle di que iso é moito dicir e que el non minte; que se pode equivocar e que o Sra. concelleira sabe ademais que cando o voceiro do grupo político do BNG se equivoca, rectifica e pide disculpas; que acusar a alguén de mentir ten outro nome, que é o de calumnia e que acusar a alguén de mentir sabendo que non minte é calumnia porque a Sra. concelleira sabe, e insiste en que puido ser un pouco longa a exposición, que esta lonxitude vén derivada precisamente de aportar toda a documentación extraída de ter revisado o expediente sancionador e o expediente informativo previo no que se concluíu que era o que había que investigar, o expediente sancionador que conclúe con un prego de cargos que se menciona na moción que se presenta, punto por punto, pasando a continuación dito prego de cargos a durmir desde o ano 2018 ata o mes pasado, con xubilación por medio da persoa en marzo do 2020, dous anos despois da data na que se lle abriu o expediente.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a dicir o Sr. Chouciño Garrido, dirixíndose á Sra. Figueroa Fuentes, que todo o que se refire na moción do BNG e todo o dito na intervención do voceiro do BNG é certo, e dicir que é mentira é unha calumnia; di que, por se a alguén lle parece que o que vén de dicir é unha opinión persoal está tamén o informe da Sra. Secretaria que contén un parágrafo que di o seguinte: "(.../...) Polo tanto, en aras á transparencia que debe presidir a actuación das Administracións Públicas procedería que se esclarezan as circunstancias que determinaron a demora que se advirte na tramitación deste expediente e as razóns que impediron o seu impulso e resolución antes de que se producira a perda da condición de funcionario público por xubilación do expedientado."; di que a Sra. Figueroa Fuentes despois vai dicir que a persoa referida está xubilada e el lle di que xa se sabe que está xubilado pero que non se saben as causas polas que non se resolve un expediente disciplinario sobre o que lle recaería, moi probablemente, a sanción a falta do restante trámite, sen terse feito nada para concluílo; que iso é o que se solicita na moción que se presenta e que, por se é necesario, vai ler de novo a proposta de resolución porque é importante para saber se se vota si, non ou abstención, procedendo a continuación á lectura do que se propón que é o seguinte:

"1. Que se incoe expediente Informativo para esclarecer as circunstancias que determinaron a demora do expediente disciplinario ao funcionario público resolto en resolución 2277/2021 para garantir a transparencia da xestión do Concello de Culleredo e a confianza da cidadanía na intución."

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o feito de non facer o que se propón o que fai é xerar cada vez máis desconfianza na Administración local, rematando a súa intervención dicindo que el non minte.

A continuación solicita facer uso da palabra o concelleiro do grupo político popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que pensa que hai un erro de fondo na presentación pois o problema non é se o administrador é mancomunado ou solidario ou único, senón que o tema está en definir se dito administrador exerce funcións de dirección e xerencia ou non porque un administrador mancomunado pode non ter ningún tipo de relación e simplemente convocar a xunta e non ter nada que ver coa actividade ordinaria da sociedade; di que é verdade que hai un prego de cargos pero que o mesmo voceiro do BNG dixo que catro dos cinco que contén están prescritos polo

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

que se está baseando un expediente de instrución en base a algo no que faltan datos para instruír e di que o problema non está en instruír e que el está de acordo en que haxa vontade de transparencia pero que o problema está no mesmo de sempre, en que faltan funcionarios para facer o traballo no Concello e derivar o traballo cara a cuestións que ao Concello nin lle van nin lle veñen non o ve oportuno porque incluso conseguir unha sanción para o funcionario obxecto da moción que se presenta non revirte en nada positivo para o Concello, colapsando máis aos técnicos para algo que non está totalmente definido.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que ela sinte que o Sr. Chouciño Garrido se sentira ofendido coas súas palabras e que ela na súa intervención xa dixo que pensaba que el non mentía deliberadamente senón froito de non mirar os expedientes e que en ningún momento lle chamou mentiroso; di que o Sr. Chouciño Garrido indicou en varias ocasións que solicitou acceso ao expediente e que se lle facilitou polo que entende que se lle facilitou o expediente enteiro e non parcialmente; di que cando no seu momento ela lle dixo que había un informe do instructor, que o redactou a petición dela para esclarecer os motivos de demora do dito expediente, o informe está aí e o Sr. Chouciño Garrido segue negando e solicitando que se incoe un expediente para que o instructor informe o mesmo que xa ten informado; di que repite unha vez máis que ao equipo de goberno lle serve o informe feito por dito traballador; que outra das cousas nas que ela dixo que o voceiro do BNG faltaba á verdade foi cando na moción se recolle o seguinte: "(.../...) Esta é a falta pola que procedía, desde o 13/7/2018 en que se asina o prego de cargos, a aplicación da sanción correspondente e non un incumprimento da xornada laboral como fai crer a resolución da Concelleira de Persoal. (.../...)"; di que no expediente constan os antecedentes, e que nos antecedentes deste expediente aparecen relatados os cargos polos que se podería abrir dito expediente disciplinario ao traballador, onde veñen esas viñetas ou puntíños, como lles chamou o Sr. Chouciño Garrido; di que eses son antecedentes e que hai un prego de cargos onde van numeradas as catro infraccións, da 1 á 4 e posteriormente hai unha proposta de resolución que é en base a cal ela asinou a resolución posterior na que as catro infraccións van numeradas da 1 á 4 e a cuarta é a que o vincula á administración da empresa referida e non á xornada laboral; di que por todo isto é polo que ela lle dixo ao Sr. Chouciño que non tiña lido os informes e ofrécese para ordenarllos cronoloxicamente; di que hai uns antecedentes posteriores a un expediente informativo que se estudian e se fai un prego de cargos onde se numeran e que é o que ten validez e sobre o que se fai unha proposta de resolución na que tamén se numeran e onde o cuarto dá lugar á resolución final que ela asina, ofrécese para ler textualmente os pregos de cargos ou a proposta de resolución ou dicirlle ao Sr. Chouciño Garrido o documento que é para que o poida volver a revisar e no que se enumera como punto 1 incumprimentos na xornada de traballo e como punto 4 "Respecto al cargo de incumplimiento de las normas en materia de incompatibilidades por la actividad del inculpado como administrador mancomunado de la sociedad promotora (.../...)"; di que este punto 4 é polo que supostamente se sancionaba ao dito traballador e repite unha vez máis que o voto do seu grupo vai ser en contra polos dous motivos que explicou e que demostran que non minte dicindo o que dixo pois nin a concelleira que fala dixo que era por incumprimento da xornada laboral e si hai un informe do instructor e polo tanto di que cre que o equipo de goberno fixo o que tiña que facer, e repite que ela pensa que cando o Sr. Chouciño Garrido di ou escribe as cousas non é porque queira mentir senón porque non se informa, engadindo que ten o expediente a súa disposición ao igual que ela e que recoñeceu na sesión que o tivo tres veces á súa disposición e na súa intervención recriminoulle ao concelleiro do grupo político popular que non tiña mirado o expediente; di que ela ten na sesión todo o expediente e que llo pode ler, llo pode pasar e llo pode fotocopiar e que incoar un expediente dun traballador xa xubilado, cando xa hai un informe do instructor, ofrécese novamente a lelo ou dicir o número de documento que é e no que se informa do motivo polo que houbo o retraso que houbo, entre eles a carga de traballo e o traslado da secretaria do expediente a outra comunidade autónoma, e unha vez máis lle di que se quere que lea o informe e que o equipo de goberno, ou alomenos ela como concelleira, non vai negar nunca o acceso aos expedientes, pedíndolle unha vez máis ao Sr. Chouciño Garrido que lea os expedientes antes de vir á sesión facendo acusacións e dicindo que o equipo de goberno vén calumniar.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 27/12/2021 (código de documento UIT15I019R)
- Informe de data 25/01/2022 (código de documento UIT16I0019)
- Informe de data 25/01/2022 (código de documento UIT16I0018)
- Informe de data 26/01/2022 (código de documento UIT16I001I)
- Informe de data 26/01/2022 (código de documento UIT16I001B)
- Informe de data 26/01/2022 (código de documento UIT16I001J)
- Informe de data 26/01/2022 (código de documento UIT16I001D)
- Informe de data 26/01/2022 (código de documento UIT16I001C)
- Informe de data 26/01/2022 (código de documento UIT16I001E)
- Informe de data 26/01/2022 (código de documento UIT16I001A)
- Informe de data 26/01/2022 (código de documento UIT16I001F)
- Informe de data 26/01/2022 (código de documento UIT16I001G)
- Informe de data 03/02/2022 (código de documento UIT16I002D)
- Informe de data 03/02/2022 (código de documento UIT16I002E)
- Informe de data 26/01/2022 (código de documento UIT16I001H)
- Informe de data 09/02/2022 (código de documento UIT16I0031)
- Informe de data 09/02/2022 (código de documento UIT16I0034)
- Informe de data 09/02/2022 (código de documento UIT16I0033)
- Informe de data 14/12/2021 (código de documento UIT15I015T)

C.I.F. P-1503100-H

7.- MOCIÓNS URXENTES.

O Sr. alcalde fai uso da palabra e di que hai unha moción que ía ser institucional relativa ao Día 8 de marzo, Día das Mulleres que non puido ser asinada pola voceira do grupo político popular nin polo voceiro suplente porque non están na sesión aínda que o representante deste grupo manifestou a conformidade coa dita moción, polo que simbólicamente pode considerarse como institucional, e a continuación procede a someter a votación a urxencia .

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

Sometida a votación a declaración de urxencia e a procedencia do debate, resulta aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido a Presidencia invita á Señora secretaria municipal á lectura da moción referida.

A continuación a Sra. Secretaria municipal, a solicitude do Sr. alcalde, procede coa lectura da moción, que transcrita literalmente di:

"MOCIÓN INSTITUCIONAL 8 DE MARZO, DÍA DAS MULLERES.

Hai máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres.

A situación económica e social derivada da pandemia da covid-19, á que se suma a situación de precariedade e desigualdade previa, acrecentada polas decisións tomadas na crise financeira de 2008, recae de forma importante nas mulleres galegas. Segundo o último informe do Foro económico galego, de decembro de 2021, podemos constatar o maior impacto da crise entre as mulleres. Por exemplo, o 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galiza no último trimestre de 2021 foron mulleres, o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes e teñen a maior taxa de temporalidade (28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes). Ademais, debemos recordar que malia as declaracións de intencións, a ilegal fenda salarial segue a ser unha realidade que en Galiza supera os 4.000 euros ao ano.

Á situación de desigualdade laboral, súmase a desigualdade derivada da precarización e privatización dos servizos públicos, que alimentan unha economía en que milleiros de mulleres traballan sen recoñecemento e condicións dignas. Así mesmo, seguen pendentes compromisos como a demandada ratificación do convenio 189 da OIT, que é clave para a dignificación e protección das traballadoras do fogar.

Desde hai anos véñense reclamando por parte de colectivos e organizacións do ámbito social, político e sindical , a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004, para adaptala á realidade do século XXI atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade e tamén a necesidade de incluír en todas as administracións cláusulas nos contratos con criterios de xénero, tal e como se ten feito xa nesta institución, en convenios e en subvencións.

Como institución pública que traballa por conseguir unha sociedade en igualdade temos que converter o 8 de marzo en algo máis que unha data no calendario ou unha foto fixa un día no ano, hai que marcarse obxectivos, cumprir compromisos, adoptar decisións que contribúan a mellorar a situación, que dun xeito non demorado describimos neste texto, a rachar coa precarización e a cumprir compromisos que permitan que a sociedade avance na procurada da igualdade real.

Por todo o expresado, o pleno do Concello de Culleredo adopta os seguintes acordos,

1.-) Expresamos o noso apoio e recoñecemos as convocatorias do feminismo galego que neste 2022 sinalan os compromisos pendentes, colocan novamente no centro do debate político e social as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, e reafirmamos o compromiso para traballar contribuíndo a superar esta situación.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

- 2.-) Reafirmar o noso compromiso en poñer a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nun lugar central dentro da política pública (económico, social, laboral etc.) de modo que a perspectiva de xénero se incorpore a todos os niveis e en todas as etapas, creando as condicións necesarias que permitan dinamizar as políticas de igualdade.
- 3.-) Demandamos de todas as administracións q impulsar cláusulas de igualdade na contratación pública contemplando, a partir do diálogo coas organizacións sindicais e sociais, as seguintes medidas: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación, así como unha comisión responsábel do seguimento do proceso, un informe anual, unha partida orzamentaria para sufragar a implantación e o impulso aquelas modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.
- 4.-) Solicitamos a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004 para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade.
- 5.) Pedimos que non se demore máis a tramitación da ratificación do convenio 189 da OIT e atenda as demandas dos colectivos de traballadoras do fogar para avanzar na súa dignificación e protección.
- 6.-) Comprometémonos a realizar un programa de visibilización, sensibilización, motivación e orientación vocacional para rachar os estereotipos de xénero no acceso aos itinerarios formativos (medida OE 4.3 da diagnose de igualdade)“

C.I.F. P-1503100-H

A continuación o Sr. alcalde-presidente di que na Deputación provincial se vai aprobar unha moción moi similar á que se presenta neste punto, coa que están de acordo todos os grupos que no pleno están representados, polo que algún parágrafo pode ser similar.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción transcrita, resultando aprobada por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as asistentes á sesión polo que devén en acordo nos termos transcritos.

8.- ROGOS E PREGUNTAS

A Presidencia pregunta aos asistentes se teñen algún rogo ou pregunta que facer.

De seguido solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que o seu grupo tivo coñecemento dunha situación de aldraxe, de agravio comparativo por parte do goberno municipal contra a Asociación cultural e veciñal de Orro que deixou aos membros do seu grupo un pouco abraidos polo nivel de escarnio contra as veciñas e os veciños dese lugar; que mentres outras actividades municipais e outras asociacións e centros sociais iniciaban a súa actividade recuperando certa normalidade durante a pandemia que se está a sufrir, a esta asociación se lle respondía con evasivas e incertidume ante as súas continuas solicitudes de facer uso do local municipal co que contan a través dun acordo de cesión; di que a directiva, farta de evasivas, no pasado mes de decembro, comunica a súa intención de iniciar unha actividade destinada a mulleres rurais durante as fins de semana, de xoves a domingo, a partir do 17 de decembro; di que o goberno municipal lles reclamou un protocolo covid e que a directiva o presentou debidamente; que a asociación cumpre e que estivo agardando resposta do Concello durante mes e medio e, farta de agardar, comunicaron a súa intención de iniciar a actividade o 10 de febreiro, recibindo unha resposta o 11 de febreiro indicando que só se pode autorizar a actividade durante esa semana xa que as dúas semanas seguintes o centro estaría ocupado con actividades municipais pola celebración do entroido; que isto non indica que o Concello de Culleredo se sume este ano ao

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

calendario ourensán dos entroidos pois nin se celebrou o domingo fareleiro nin oleiro nin corredoiro nin o xoves de comadres e compadres, que non houbo celebración algunha alí e que o raro sería que houbera celebración de entroido en Orro promovida polo Concello e non se contara coas asociacións para organizalo e celebralo; que con iso xa se perdeu unha semana porque a semana pasada non tivo lugar ningunha actividade municipal nese espazo relacionada co entroido e a única actividade municipal programada polo entroido en Orro será o domingo 27 de 18.00 a 20.00 horas e di que moita preparación debe requirir esta actividade para ter que ter pechado o centro por esa razón durante dúas semanas; que a reforma integral dese centro social leva aprobada desde o 2018 e ano tras ano adíase sen explicación e que supón que o goberno dirá que se dan outras inexactitudes; que o goberno municipal lles respondeu tamén que a partir do 1 de marzo se levarían a cabo obras de mellora do centro que imposibilitan a actividade; que o BNG buscou no portal de contratación, e que quizáis buscou desafortunadamente e tería que buscar noutro sitio, e non atopou licitación ningunha nin teñen visto nas resolucións da Alcaldía ningunha relativa a actuacións ou proxectos nese centro, preguntando en que consisten as melloras referidas porque a Asociación cultural e veciñal de Orro e a única que conta cun acordo de cesión do dito local e non ten coñecemento das mesmas e engade que ten na sesión o acordo referido e que o pode amosar se o Sr. alcalde o desexa.

Segue a súa intervención a Sra. Pérez Mosquera e di que o goberno municipal, para poñer a guinda ao pastel, indica, asinando a autorización a concelleira dona Marta Iglesias, que a asociación debería informar das aperturas e peches do centro á Policía Local, algo nunca visto en ningunha outra autorización deste tipo, unha autorización a unha asociación para facer uso dun local para o que ten un acordo de cesión do uso; que estas cousas só pasan en Culleredo e que a Sra. Iglesias Becerra é concelleira de Facenda e doutras cousas máis pero que non é concelleira de Participación Cidadá nin de Cultura e pregunta como é que a Sra. Iglesias Becerra decide sobre o que ten que facer a Policía Local, e pregunta se alguén pensa que está mentindo tamén agora e que a concelleira dona Marta Iglesias é a concelleira de Policía Local para establecer que unha asociación debe informar á Policía Local de cando entra e cando sae dun local municipal para o que ten un convenio de uso e no que nunca tivo problemas ata agora; que a concelleira da Policía Local é a Sra. Marta Figueroa e pregunta se a Sra. Iglesias Becerra estableceu algún tipo de acordo con eles ou eles co equipo de goberno; di que o goberno municipal, non contento co maltrato reiterado para dita asociación, segue cronoloxicamente sumando e si que autorizou, concretamente por parte da Sra. concelleira Jessica Méndez, a actividade doutra asociación, no mesmo centro e no mesmo horario, o pasado sábado, cando llo tiñan denegado á asociación cultural e veciñal de Orro polo que o grupo político do BNG pregunta que lles fixeron ao equipo de goberno os veciños e veciñas de Orro e piden que se lles dea unha disculpa por escrito coa asociación de veciños de Orro, piden que se aclaren os retrasos nas autorizacións, as razóns polas que se denegou a autorización solicitada, o requirimento de ter que informar á Policía Local e a autorización a esa outra asociación, pois cren que a veciñanza de Orro, igual que a do resto do Concello de Culleredo, ben o merecen, pois todos os veciños e veciñas son de primeira.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que comparte totalmente o dito pola Sra. Pérez Mosquera sobre que todos os veciños e veciñas de Culleredo son de primeira pero que lle falta moita información ao dar o relato que deu sen contrastar e di que lle vai contestar por escrito a todo o que vén de preguntar a dita concelleira porque moitas cuestións referidas por ela non son tal cual ela as describe pois pola súa intervención podería parecer que se dá unha situación totalmente anómala; di que lle vai contestar por escrito sobre a cesión do centro social, que lle vai achegar a solicitude que se fixo do centro social e que ten que asinar a concelleira de Patrimonio porque así está estipulado pois é a concelleira de Patrimonio a que autoriza o uso das dependencias municipais, indicando que tanto a concelleira de Participación Cidadá como outros concelleiros estiveron cos veciños e veciñas de Orro na propia instalación esclarecendo todas as dúbidas que puidera haber respecto de todo o que presentou a Sra. Pérez Mosquera sen que houbera relación ningunha con todo o que esta concelleira vén de describir na narración tan ben feita pero tamén tan inexacta que vén de dicir, repetindo unha vez máis que lle contestará por escrito.

De seguido solicita de novo o uso da palabra a concelleira do BNG, Sra. Pérez Mosquera.

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

O Sr. alcalde lle di que non ha lugar a debate,

A Sra. Pérez Mosquera di que o que vén de explicar é un rogo e que polo tanto é susceptible de debate.

Responde o Sr. alcalde-presidente e lle di que ela dixo que se trataba dunha pregunta.

A Sra. Pérez Mosquera di que non, que se trata dun rogo.

A continuación o Sr. alcalde-presidente lle dá o uso da palabra á Sra. Pérez Mosquera quen, facendo uso da palabra concedida, di que se o Sr. alcalde quere ver o convenio de cesión llo pode amosar porque o ten no salón.

Responde o Sr. alcalde e lle di que lle vai aforrar o traballo porque o goberno municipal xa ten o convenio e que se está a analizar xuridicamente porque hai un posterior que di que o centro social está ata o 2014 ou 2015 e que se debería ter solicitado unha prórroga polo que agora estase no punto de analizar esta cuestión e que hai máis asociacións en Orro que teñen dereito ao uso desa instalación e que o único uso que hai por 50 anos é o uso do campo de fútbol, tendo que axustar á Dereito non so o uso do local de Orro senón todos os usos dos locais que se están a facer e sobre todo porque nun momento puntual había unha soa asociación pero agora xurden tres asociacións na mesma parroquia tendo que articular o uso deses espazos desde o Concello, respondendo de novo que lle contestará por escrito a todo o que o grupo político do BNG está solicitando.

A continuación intervén a Sra. Pérez Mosquera e di que, para rematar con este rogo, todo Orro se decata de que hai tempo que o goberno municipal está a presionar á asociación da que falou.

Intervén o Sr. alcalde-presidente e di que todo Orro non.

A Sra. Pérez Mosquera pide permiso ao Sr. alcalde para seguir co seu rogo.

O Sr. alcalde-presidente repite que todo Orro non e lle indica á Sra. Pérez Mosquera que continúe co seu rogo.

Seguidamente a Sra. Pérez Mosquera di que a asociación da que fala está a defender os intereses das veciñas, sen importarlles as consecuencias; que é así cando desminten que haxa problemas coa auga como o Sr. alcalde dixo, cando se indignan por telos deixado por mentireiros, cando preguntan que foi da canalización da fibra e do saneamento que lles prometeron, etc, etc, etc e que o e o equipo de goberno reacciona prohibindo por orde da Alcaldía que medren porque si as rosas do xardín municipal e provocan confrontación veciñal autorizando e desautorizando de voz e por escrito segundo lles conveña e, mentres tanto, seguen sen poder disfrutar das actividades organizadas, mandando con esta actitude un aviso a navegantes de que ninguén sexa crítico con Rioboo non vaia ser porque xa se sabe o que lle espera; di que o grupo político do BNG solicita unha vez máis que deixen de maltratar ás veciñas de Orro porque a asociación non puxo ningún problema por ter que compartir o local con ninguén porque non lles dixeron absolutamente nada, pedindo de novo que deixen de maltratalos, que lles pidan disculpas e que poñan negro sobre branco o proxecto do Centro social e concerten polas canles establecidas a forma de compartir os centros por parte das distintas asociacións, engadindo que non pode ser que sempre se diga que é o BNG o que di mentiras.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que el non dixo que os membros do grupo político do BNG dixera mentiras.

Intervén a Sra. Pérez Mosquera e di que o Sr. alcalde- presidente falou de inexactitudes.

O Sr. alcalde-presidente di que si falou de que o dito pola Sra. Pérez Mosquera é inexacto e lle di que nin ela mesma cre o que vén de ler.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere falar de dúas cuestións, sendo a primeira delas referente ás molestias ocasionadas polo bar situado na Praza da Ría, en Fonteculler, pois vese na resolución da Alcaldía que se lle vai estimar o recurso de reposición que teñen presentado por terles denegado á veciñanza desa urbanización unha listaxe de denuncias do último ano polas molestias causadas por dito local, solicitando que se lles facilitara o número de denuncias presentadas e o que se fixo con cada unha delas respecto ás molestias do local; di que a veciñanza tiña razón polo que se ve na resolución da Alcaldía e así o din as técnicas municipais mencionadas no documento de resolución sendo inconcebible que a veciñanza tivera que presentar un recurso de reposición e unha reclamación á Valedora do Pobo para denunciar que se lles nega a información que lles recoñece a Lei de transparencia e bo goberno, e lle pide ao equipo de goberno que se fixe no que está a incumplir reiteradamente, cal é a transparencia e o bo goberno, preguntando como pode ser que o xefe de policía se atribúa competencias que non ten, tal como di a resolución e os informes técnicos mencionados na resolución da que está a falar, preguntando como pode ser que o xefe da Policía Local conteste que non se lles pode dar a información que piden porque levaría datos que incumplirían a Lei de protección de datos cando non é así e decide el sen consultar co funcionario encargado do asesoramento xurídico; di que el pensa que isto ocorre porque o equipo de goberno ten un xefe de policía en precario e lembra que se trata dunha persoa que non ten a categoría profesional necesaria para ocupar o posto e non lles consta que o equipo de goberno fixera nada ata o de agora para darlle solución cando remate o escaso prazo que dá a lei para unha situación provisional así e o peor é que a veciñanza dos soportais situados no lugar indicado segue a soportar molestias cada semana, ruidos de música que se escoitan non so no primeiro ou segundo piso senón ata o cuarto, asombrándose a propia Policía local cando se lles chamaba porque non eran capaces de escoitar o que se lles estaba a dicir porque escoitaban a música a través do auricular, preguntándolles aos veciños se os chamaban desde a rúa cando non era ese un dos pisos máis altos; di que o goberno municipal contesta que non ten sonómetros en situación de uso e parece que non quixeran telos porque co tempo que leva este tema ben podería estar resolta dita cuestión polo que di que o goberno municipal debería dar unha disculpa escrita á veciñanza por terlle denegado a información á que tiñan dereito, por obrigarlles a acudir á Valedora para poder obter unha información que o equipo de goberno debiera dar e que non daba porque non querían que se soubera, por non ter aplicado unha solución a unha situación que leva xa moito tempo e por estar prexudicando a súa saúde e o seu dereito ao descanso e a unha vida tranquila nas súas vivendas pola súa inacción; di que o rogo do grupo político do BNG é que lles dean unha disculpa, que lle apliquen as medidas recollidas nas ordenanzas municipais para corrixir esta situación e así poder garantir o seu dereito ao descanso e a unha vida tranquila nas súas vivendas.

A continuación fai uso da palabra o sr. alcalde-presidente e di que, loxicamente, todos os problemas de orde pública que poida haber no Concello e os que poida haber a nivel particular nun negocio preocupan a todos pero que neste caso fixéronse todas as comprobacións necesarias e se fixo unha resolución ao respecto dun informe técnico medindo o sonido no propio local e nas propias vivendas ás que o Sr. Chouciño fai alusión e do propio informe se desprende que se deberían tomar algún tipo de actuacións que se todavía non se tomaron non se ve en situación de anunciarlas no pleno en previsión de evitar outras consecuencias; di que o tema do que se está a falar está resolto totalmente desde esta mesma semana e foi quen iniciou o expediente o que marcou os tempos porque calquera erro que se poida cometer na instrución dun expediente destas características pode retrotraer todo ao inicio e estaríase a perder o tempo, pensando que agora, nestes momentos, .a raíz de dita instrución, se está atendendo perfectamente e con procedementos acordes á Lei e a Dereito e como ben dixo o Sr. Chouciño ao cumprimento das ordenanzas municipais, e establecendo accións que permitan a perfecta convivencia entre os veciños e veciñas da Urbanización A Ría e o local de hostalería, engadindo que atende o rogo do Sr. Chouciño Garrido.

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e di que se queda coa frase do Sr. alcalde que di que a partires desta semana iníciase a solución.

O Sr. alcalde-presidente di que non, que a solución xa está nun procedemento administrativo, que non político.

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

O Sr. Chouciño Garrido intervéñe e di que este problema do que se está a falar leva anos e que o goberno municipal non se moveu ata que se iniciaron as presións pero que benvido é o momento no que se inicie e que se quedan coa frase mencionada polo Sr. alcalde.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido di que o grupo político do BNG ten outro rogo en relación coas obras da avenida de Vilaboa pois o pasado luns día 21 os membros do seu grupo asistiron á reunión que o Sr. alcalde convocou no conservatorio sobre este tema e escoitaron atentamente anotando as dúbidas e queixas veciñais; que non quixeron intervir porque era o momento de escoitar á veciñanza e escoitar aos membros do goberno que estaban alí; que saben que en máis dunha ocasión membros do grupo político do BNG recordaron ao goberno municipal o compromiso que tiñan alí coa xente de Vilaboa e cos comerciantes en particular de darlles explicación de como se ían executar as obras, dos prazos, das alternativas, de todo aquilo que lles afecta co cambio de modelo e en particular coa duración das obras; di que aos membros do seu grupo lle quedan dúbidas por aclarar e tamén á veciñanza pois esta xa ten o lema "Obras si, pero non así" e o BNG comparte dito lema; di que o Sr. alcalde dixo que cando se reuniran a vez anterior xa estaba iniciada a licitación e que sabe tamén das limitacións que hai para introducir cambios nun proxecto unha vez iniciada a licitación polo que mal se empeza, sendo difícil crer ao Sr. alcalde cando fai pouco en Vilaboa foron testemuñas de como se empezan e como rematan as obras municipais como é o caso da praza da Igrexa, na que os prazos deron lugar a informes da técnica municipal establecendo que deben impoñerse as penalidades establecidas no contrato pola demora, onde parece que se ía aplicar unha segunda capa de revestimento ao pavimento e non se fixo, onde o material non era adecuado para ese espazo e rompe continuamente, onde as queixas de todo tipo nun espazo que requiría unha reforma en profundidade quedou nunha, e pide perdón pola palabra que vai empregar, chapuza; di que no concurso de dita obra primaba o prezo dunha forma desproporcionada sobre a capacidade técnica; di que según puideron ver a empresa adxudicataria é a mesma que neste momento ten pendente de facer o centro social de Sueiro, por exemplo, e xa a veciñanza de Sueiro se está a queixar polo retraso no inicio de dita obra, indicando que a empresa adxudicataria está de número 10 na relación de empresas segundo a súa capacidade técnica entre outras cousas porque ten unha plantilla de traballadores moito máis escasa que a de outras empresas que se presentaban e vese tamén que está a colaborar en traballos de drenaxe da Ría e non se sabe en cantas máis estaría en contratos que o pasado ano se teñen feito como contratos menores que están a disposición de consulta pública; di que se trata dunha empresa que fai obras que o BNG ten denunciado por non axustarse ao proxectado de forma ostensible, apreciable a simple vista sen necesidade de ter coñecementos técnicos, como é o caso da reposición das baldosas do Paseo Marítimo, que tiñan que reparar todos os desperfectos que hai desde a chamada "a rosa e a espada" ata Fonteculler e se limitou a facer un pano diante da explanada da festa no Burgo ou o adoquinado da praza da Ría de Fonteculler que decidiron substituír por pavimento impreso co aforro conseguinte.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que, se non se equivoca, a día de hoxe están sen recibir estas dúas obras das que falou e outro tanto coa outra empresa adxudicataria da rotonda de Pérez Lugin con Domingo Sierra, a empresa que non fixo como debera a obra da escollera do Río Trabe tal e como denunciara varias veces xa o BNG; di que á vista do que sucede puidera parecer que o facer as cousas mal lle dera puntos ao goberno municipal e di que como se vai fiar a xente de Vilaboa das palabras e das promesas do Sr. alcalde que lle di a veciñanza que todo vai ir ben; que como non o vai defender o enxeñeiro ao que lle encargan o proxecto, que leva cobrado desde finais do 2019 126.000 euros en proxectos adxudicados con contratos menores, deses que levan reparos da Intervención e da Secretaría precisamente pola cuestión da que xa falou de que son cuestións previsibles e di que como van crer ao Sr. alcalde cando lles di que haberá un gran aparcadoiro alternativo ás prazas que desaparecen mediante o desenvolvemento da unidade de actuación 16 cando o departamento de Urbanismo ten unha grande demora na concesión das licenzas, ou cando o Sr. alcalde di que se vai arranxar o PXOM ou cando o propio departamento ten falado da crónica necesidade de persoal, e en particular da asesoría xurídica propia do departamento de Urbanismo; que o goberno municipal escoitou unha música e non saben a letra pois escoitaron falar de humanización de rúas, de calmar o tráfico, de apartar os coches para aparcamentos alternativos pero non saben como facelo; di que a el lle fixo gracia ver unha publicación dun membro do PSOE de Carballo dicindo que por

39 de 43

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

que ían facer un aparcamento máis que xa había moitos e o goberno de Culleredo ten unha capacidade nula ou máis ben está condicionado por calquera cousa menos o interese veciñal; di que a búsqueda do aparcadoiro alternativo faise antes e non se fía ao futuro imperfecto ao que o goberno municipal lles ten acostumados pois non hai nada máis que pensar no que pasou na rúa Ribados na que os membros do grupo político do BNG felicitaron ao Sr. alcalde por iniciar este tipo de accións que efectivamente calman o tráfico, dan prioridade ao peon, e no momento da felicitación lle lembraban ao Sr. alcalde que dito proxecto tiña que ir acompañado por outras medidas e a resposta foi que ao día seguinte o Sr. alcalde sacou na prensa a noticia que levaba poñendo no 2018, 2019 e volve a poñela no 2021, que é que a parcela está ubicada entre a AP9 e Costa da Lonxa e a avenida de Ribados, que veciños de Visitación de la Encina critican ao goberno municipal pola supresión de prazas de aparcamento pero o Concello di que o aparcamento era de 150 prazas, outro de 250, que Rioboo avanza un investimento de 400.000 euros para Costa da Lonxa e desenvolverá uns aparcamentos alternativos, falando de 160 prazas; di que se está a falar do 2018 e que as obras xa concluíron e a problemática que había non se resolveu polo que pregunta como pode agora darlle crédito a veciñanza de Vilaboa.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e pregunta como o goberno municipal pode improvisar e dicir que poden anular o espazo da parada do autobús e que pare no carril, así sen máis, dito polo Sr. Rioboo e listo, sen analizar a repercusión que sobre o tráfico tería baixar a velocidade a 30 km/h e que o autobús parara no carril e que según os datos do PMUS, do plan de mobilidade urbana sostible, dispoñible na web municipal que calquera pode consultar, a nacional 550 soporta 21.261 vehículos diarios e pregunta se de verdade o goberno municipal toma a decisión de que o bus pare no carril así, sen máis, sen ver a repercusión que teñen estes 21.000 vehículos baixados a 30 quilómetros hora e parando o bus no carril; di que o equipo de goberno di que se fan moitas vías urbanas pero el pensa que non se comparou o tráfico das vías urbanas nas que se fai e as consecuencias que pode ter na Avenida de Vilaboa; que aos membros do seu grupo tamén lles chamou a atención que o técnico redactor do proxecto di que hai cables de electricidade e telefonía que haberá que soterrar e que a el lle parece moi ben soterrar o cableado aéreo pero que isto condiciona a planificación do proxecto e que se o goberno municipal o ten xa planificado perfecto pero que hai que ter en conta que nese caso pásase a depender de compañías alleas e en Culleredo hai precedentes que non indican nada bo e recorda a obra do depósito de Almeiras que estivo parada meses, e pensa que máis que meses, porque a compañía de electricidade tiña que mover un poste e fixo o que lle deu a gana; di que cre que todos os presentes no salón deben de lembralo e que a veciñanza próxima ao depósito o lembra perfectamente; pregunta se a estas alturas, no tema dos soportais, se pode estar con "a que si a que non ou a que non a que si" e como se vai solventar a cuestión de que son propiedades privadas, se teñen feito convenios coas comunidades de propietarios, que son moitas, e se se iniciou algo nese sentido; di que os membros do seu grupo, como ven que a veciñanza ten moita razón porque se está a falar de polo menos 30 comercios na avenida de Vilaboa, e di que non sabe ben os que habería no Centro comercial Catro Camiños na Coruña ou no Outlet pero pensa que non sería un disparate dicir que Vilaboa pódese considerar un centro comercial aberto, é dicir, un conxunto de comercios nunha mesma rúa e ao longo do tempo tempo deu lugar a un equilibrio entre a oferta que no caso dun centro comercial pechado faise a través dun proxecto empresarial pero que aquí o fixeron os veciños ao longo do tempo e por iso hai carnicerías, hai pescaderías, hai floristerías, hai bares, hai axencias de viaxes, etc; di que que en calquera reforma que houbera nun centro comercial contemplaríanse alternativas pensando os membros do BNG que neste caso procedería adiar o inicio da execución do proxecto ata que de verdade se poida asegurar un aparcadoiro alternativo, sendo este rogo que se fai desde o BNG, que pensan que é factible e pensan tamén que, se o goberno municipal pensa que isto daría solución nun prazo breve a dita cuestión, non debería ter problema, polo que rogan que se adie a execución no tempo porque ao fin a empresa ten traballado moito para o Concello de Culleredo e pensa que habería posibilidade de diálogo para levalo a cabo.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o rogo que vén de facer o Sr. Chouciño Garrido é un rogo que xa está atendido e que imaxina que calquera aparcamento disuasorio estará ubicado na rúa Domingo Sierra, por exemplo, e convida ao Sr. Chouciño Garrido a que no día de mañá, a esta mesma hora, na que o comercio está aberto, vexa que hai unha media de setenta prazas libres no entorno de Domingo Sierra, na rúa Condes de Andrade, e na rúa

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

C.I.F. P-1503100-H

Xafonte, que é outro eixo na parte sur da obra, non hai practicamente vehículos aparcados e hai arredor de cincuenta prazas libres e que o goberno municipal vai facer canto antes ese aparcadoiro provisional para achegar o antes posible esa solicitude que o goberno municipal xa tiña contemplada e que non teñen ningún inconveniente en aceptala; que as acusacións veladas non conducen a nada e hai que facer as cousas como hai que facelas e un equipo de avaliación de risco antifraude do Edusi e se o Sr. Chouciño Garrido, ou calquera persoa, calquera cidadán ou calquera membro da Corporación municipal, ve que se fai algunha contratación irregular, indicando que a Mesa de Contratación está composta por persoal municipal, non por políticos, e se se ve calquera fraude, el pide que se faga a denuncia oportuna pois para iso se ten o equipo de avaliación de risco antifraude do Edusi que precisamente se reuniu a pasada semana e determinaba que non había nin unha soa denuncia; que Culleredo, ademais do que esixe a lei, e de alternativas que hai para, se cabe, fiscalizar máis as contratacións e todo o que pasa cos fondos europeos, ten absolutamente todo para esa autoavaliación de risco no comité antifraude do Edusi, pedindo unha vez máis que non se fagan acusacións nin ameazas veladas e se alguén ve que hai calquera tipo de fraude na contratación que se siga o procedemento que hai que seguir e que el sempre respectará ao 100% o que din os veciños e veciñas e os comerciantes e as comerciantas municipais pero que eles teñen un proxecto co que se presentaron ás eleccións municipais e teñen catro anos para desenvolvelo íntegra ou parcialmente, considerando que, a pesares do parón que houbo no 2020 por mor da pandemia, o goberno municipal vai ser capaz de desenvolver o proxecto anunciado nas eleccións municipais case integramente e que é o proxecto polo que os cidadáns de Culleredo, maioritariamente, apoiaron ao equipo de goberno; di que se unha vez que se teña feito o que estaba comprometido no programa electoral que serviu de apoio para tomar a decisión de a quen apoiar, vese que non se cumpren as expectativas, serán os cidadáns os que, unha vez que remate a súa xestión, anoten a decisión de se continúa ou non o equipo de goberno e di que o seu compromiso é cumprir cum programa electoral da mellor forma posible e con todas as ferramentas que a lei permite porque a contratación é como é, un concurso, unha subasta, e os criterios de contratación nin os inventa el nin o Sr. Chouciño Garrido nin ninguén; di que lle encanta Carballo e a zona de Bergantiños e a Costa da Morte e ver como os concellos evolucionan independentemente de quen os governe e que ao día seguinte vai estar co tenente alcalde de Carballo nun proxecto interesantísimo co que ten unha gran relación porque son compañeiros no equipo de goberno na Deputación provincial e que lle encantan as ideas que ten o alcalde de Carballo e todo o seu equipo e ao igual que el nalgunha ocasión vén a observar algunhas das cousas que se fan ben en Culleredo e que o Sr. Chouciño Garrido di que están mal, el tamén vai para ver como se fan as cousas porque as humanizacións as fan os enxeñeiros e hai un modelo case preestablecido de como se teñen que facer, pois hai unha normativa, hau unha lexislación, hai un estilo, e el, acertada o equivocadamente, cre que elixe a mellor para o seu Concello, non podendo discutir con ninguén que non opine como el, e engade que atende o rogo feito polo Sr. Chouciño Garrido.

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que vai relatar os seus rogos un por un para ilos tratando:

1. Sobre o asunto da urbanización da Ría do Burgo polo que preguntou o Sr. Chouciño Garrido na súa intervención, pregunta se á hora de impulsar dito expediente, sendo a calificación de moi grave, se hai intención de postularse para a retirada da licenza porque é unhas das posibilidades que se contemplan.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que iso o ten que determinar o instrutor, que é un funcionario ao que lle corresponde tomar a decisión, con todas as ferramentas que ten no seu poder, sobre o que se ten que facer.

2. Seguindo coa zona de Fonteculler, di que a praza Castelao está a ter moitos problemas por mor das palomas pois os arcos da praza quedan xusto diante do parque infantil e os veciños quéixanse dos excrementos dos animais porque están alí os nenos e os animais e están tendo moitos problemas con isto, rogando que se envíe uns técnicos en desinfección para subsanar este problema; di que na mesma praza hai unha rotura de todo o lateral dereito do asfalto que puidera ser, ao seu entender, polas raíces

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

das árbores porque hai un pino moi grande e di que el quere pensar que é debido ás súas raíces, xerando tamén problemas as ramas destas árbores que se están metendo nas vivendas ademais de todo o po que xeran polo que roga que ou ben se talen ou se reordenen porque é unha pena cortalos pero tampouco poden estar causando este dano.

3. Na zona de Almeiras, os veciños queixanse do asfaltado porque parece que se puxo asfalto sobre asfalto e xeráronse uns desniveis nalgunhas vivendas que chegan nalgúns casos a un 25%.
4. Na rúa José Espronceda, na explanada diante do bar Aviador, na que se reúnen moitas familias para ver despegar os avións do aeroporto, tanto as familias como os empresarios da zona solicitan que se faga unha limpeza de toda esa explanada.
5. Na rúa Xesto, en Alvedro, os veciños seguen pendentes da poda das tuias que solicitaron por rexistro.
6. En Vilaboa, tal como comentou xa o Sr. Chouciño Garrido, os comerciantes da zona dan as súas queixas e solicitan que se lles diga exactamente o número de prazas de aparcadoiro que van quedar; di que el non estivo na reunión que houbo cos veciños pero que, según lles transmiten os veciños e comerciantes da zona, na mesma houbo discrepancias entre o número de prazas que definía o concelleiro, o Sr. alcalde, o técnico, polo que piden que se aclare aínda que sexa por escrito o número exacto porque según din os veciños o Sr. Mario en Radio Voz daba unha cifra e dicía que non se ía modificar o número pero o técnico dicía que si e por iso pide que se concrete para dilucidar como vai quedar esa actuación.
7. Na praza de Galicia, no Burgo, existía unha sentenza condenatoria desde fai xa tres anos, votárase no Pleno cambiar o presuposto para facer fronte á indemnización correspondente, e os veciños comentan que de momento non se realizou polo que están pensando en accións para executar dita sentenza co incremento correspondente polo que solicita información sobre se está iniciado o trámite para facer efectivo este pago e en que fase está.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que, respecto do comentado sobre a praza de Galicia, non se trata de ningún pago senón que, en escritura pública, a cuberta da praza de garaxe é de titularidade municipal polo que hai que solventar todos os problemas de filtracións que hai cara aos garaxes; di que hai un proxecto que houbo que remitir a Patrimonio porque se trata dunha zona de influencia do Camiño Inglés e este organismo fixo unha serie de consideracións como o tratamento das árbores, o mobiliario, etc.; di que houbo que modificar o proxecto de acordo coas directrices marcadas por Patrimonio, remitiuse a pasada semana a este organismo e unha vez que contesten poderase xa comezar coa execución desa obra, que inclúe unha reforma integral desa zona.

Intervén o Sr. Prieto García e pregunta se non hai unha indemnización pendente en relación con esta praza.

O Sr. alcalde-presidente di que el pensa que non e que o que se fixo foi unha peritación do que podería custar a praza.

Con respecto ao rogo feito sobre as prazas de aparcamento da avenida de Vilaboa, di o Sr. alcalde que el xa comentou que hai un proxecto que foi o que se licitou e que conta con 46 prazas de aparcamento e que, en relación coas inquietudes manifestadas por moitos dos veciños tanto presentes na reunión como non, o goberno municipal marcou unha serie de alternativas en obra que se poden facer para poder incrementar, se se considera, o número de prazas, nunha primeira fase no número de nove máis e, en función de acordos urbanísticos aos que se puidera chegar, nun número maior, pero que, cinguíndose exactamente ao proxecto europeo, que é o que se está a licitar, existen 46 prazas numeradas no tramo que vai desde o semáforo da igrexa ata Domingo Sierra.

Código do documento	Código do expediente
USG16I00W8	USG/2022/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
554S 096P 562K 6A0D 0B4R	

O Sr. Prieto García intervén e di que o Sr. alcalde, na reunión mantida respecto da obra de Humanización na avenida de Vilboa, dixo que van cambiar as beirarrúas dos soportais pero o técnico asistente á reunión dixo que non.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que no proxecto non aparece definido e que el non pode nese momento precisar.

O Sr. Prieto García pregunta se se van cambiar as beirarrúas dos soportais.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que esa obra está presupostada pero non definida no plano porque pode haber disconformidades.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as quince horas e vinte minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,

O Alcalde-Presidente

(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H